| CA4.3 - Tomar conciencia da importancia de manter e reforzar o valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as interaccións sociais, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro como momento necesario na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións. | Toma conciencia, con acerto e certa autonomía, do valor da verdade como principio que debe orientar o pensamento e a acción individual e as social, analizando as principais teorías filosóficas que se ocuparon dela, valorando o erro na súa busca e rexeitando a asimilación acrítica de informacións. | | |
| CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia. | Comprende, con certa autonomía e acerto, as grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do universo, a orde da natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista, a través da comparación de distintas respostas a estas cuestións ao longo da historia. | | |
| CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promove, con certa autonomía e malia algunha axuda, o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e veraz, acerca de cuestións filosóficas. | | |
| CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolve, requirindo algunha axuda ou precisión, unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | TI | 30 |
| CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes. | Promove, con certa autonomía e malia algunha axuda, o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e veraz, acerca de cuestións filosóficas. | | |
| CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolve unha actitude indagadora, con certa autonomía e activa, no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Introdución: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía. |

| Contidos |
| --- |
| ‐ A filosofía como saber crítico.<br>‐ Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico.<br>‐ A racionalidade humana. Coñecemento e acción.<br>‐ Teorías do coñecemento.<br>‐ O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo.<br>‐ A verdade. Características e valor da verdade.<br>‐ Teorías da verdade.<br>‐ O sentido da existencia humana.<br>‐ A vida e a morte como problemas metafísicos.<br>‐ O lugar do ser humano no mundo.<br>‐ O sentido da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 11 | Podemos pensar sen palabras? | 8 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións. | Reflexiona, con algunha autonomía e con acerto, sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación cos compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións. | PE | 60 |
| CA4.2 - Abordar o problema filosófico do coñecemento, identificando de xeito crítico as ideas e teses máis importantes das distintas escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites e posibilidades, a súa validez, e o papel das distintas facultades humanas na súa consecución. | Aborda con acerto, con certa autonomía e malia algunha imprecisión, o problema filosófico do coñecemento, identificando as ideas máis importantes das escolas filosóficas que reflexionaron sobre a súa natureza, os seus límites, a súa validez e o papel nel das distintas facultades humanas. | | |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes.</td><td>Promove, requirindo axuda pero con acerto, o intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficos.</td><td rowspan="3">TI</td><td rowspan="3">40</td></tr>
<tr><td>CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais.</td><td>Demostra certa autonomía e algún coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica: identificación de fontes fiables, procura eficiente e segura de información e correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta.</td></tr>
<tr><td>CA4.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.</td><td>Desenvolve, requirindo algunha axuda ou precisión, unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros.</td></tr>
</table>

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais. |
| - O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis. |
| - Breve síntese das grandes épocas da filosofías. |
| - O pensamento galego. |
| - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. |
| - Teorías do coñecemento. |
| - A posibilidade do coñecemento e as críticas escépticas e relativistas. |
| - O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 12 | Que vale na vida? | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.2 - Comprender e coñecer algunhas das grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do Universo, a orde que rexe a natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista da natureza e as consecuencias que se derivan de cada unha delas, a través da comparación, análise e contraposición de distintas respostas que se lle deron a estas cuestións ao longo da historia. | Comprende, con certa autonomía e acerto, as grandes preguntas metafísicas acerca da natureza: a orixe e a finalidade do universo, a orde da natureza ou a oposición entre as visións determinista e indeterminista, a través da comparación de distintas respostas a estas cuestións ao longo da historia. | PE | 60 |
| CA5.3 - Reflexionar sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas sobre a vida, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico, e o lugar do individuo na realidade, entre outras cuestións metafísicas. | Reflexiona, con acerto e mostrando algunha autonomía, sobre a interrogación polo sentido da existencia, explicando as teses centrais dalgunhas teorías filosóficas, por medio de disertacións razoadas sobre a vida e a morte, o devir histórico ou o lugar do individuo na realidade. | | |
| CA4.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostra certa autonomía e algún coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica: identificación de fontes fiables, procura eficiente e segura de información e correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta. | TI | 40 |
| CA4.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes. | Promove, con certa autonomía e malia algunha axuda, o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e veraz, acerca de cuestións filosóficas. | | |
| CA5.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolve unha actitude indagadora, con certa autonomía e activa, no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | | |
| CA5.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosoficamente relevantes. | Promove, con certa autonomía e malia algunha axuda, o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e veraz, acerca de cuestións filosóficas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - A racionalidade humana. Coñecemento e acción. |

| Contidos |
|---|
| - Teorías do coñecemento.<br>- O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo.<br>- A verdade. Características e valor da verdade.<br>- Cosmoloxía e filosofía da natureza.<br>- Determinismo e indeterminismo físicos.<br>- O sentido da existencia humana.<br>- A vida e a morte como problemas metafísicos.<br>- O lugar do ser humano no mundo.<br>- O sentido da historia. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 13 | Traballo: castigo ou realización persoal? | 7 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Tomar conciencia das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións aos mesmos. | Toma conciencia, con algunha autonomía e acerto, das distintas explicacións dadas sobre a aparición da sociedade e a formación do estado, e tamén dos problemas da nosa sociedade actual mediante a discusión e a posta en común das diferentes solucións a eles. | PE | 60 |
| CA3.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolve, con certa autonomía e acerto, unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | TI | 40 |
| CA3.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promove, con certa autonomía e malia algunha axuda, o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e veraz, acerca de cuestións filosóficas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| **Contidos** |
|---|
| ⁻ Natureza e cultura no ser humano.<br>⁻ O ser humano como ser social.<br>⁻ Elementos e axentes da socialización.<br>⁻ Sociedade e estado.<br>⁻ Teorías sobre a formación do estado.<br>⁻ Problemas da sociedade actual e os retos do século XXI. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 14 | É posible vivir en soidade? | 7 |

<table>
<tr><th>Criterios de avaliación</th><th>Mínimos de consecución</th><th>IA</th><th>%</th></tr>
<tr><td>CA1.2 - Coñecer a orixe da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e comparándoa con distintas formas de pensamento noutras culturas.</td><td>Coñece algúns elementos da filosofía occidental distinguíndoa doutros saberes, e realiza comparacións sinxelas con distintas formas de pensamento noutras culturas.</td><td rowspan="4">PE</td><td rowspan="4">60</td></tr>
<tr><td>CA2.4 - Reflexionar sobre a importancia da motivación, das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.</td><td>Reflexiona con certa autonomía sobre a importancia da motivación das emocións e da afectividade, comprendendo, ao mesmo tempo, a relación entre estes aspectos do ser humano e a súa incidencia na conformación da personalidade e na nosa conduta.</td></tr>
<tr><td>CA3.2 - Coñecer e analizar o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, mediante a diferenciación dos elementos e axentes que o levan a cabo, analizando a importancia de cada un deles na formación da nosa personalidade social e moral, e desenvolvendo unhas actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.</td><td>Coñece e analiza con certa autonomía o ser humano como ser social resultado do proceso de socialización, diferenciando os axentes que o levan a cabo, analizando a súa importancia na formación da personalidade social e moral e desenvolvendo actitudes positivas e non estereotipadas respecto ao xénero.</td></tr>
<tr><td>CA4.1 - Reflexionar sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación coas compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.</td><td>Reflexiona con algunha autonomía, e con acerto, sobre a racionalidade humana, analizando de xeito crítico a súa natureza e a súa relación cos compoñentes afectivas do noso psiquismo, e distinguindo o seu uso no coñecemento teórico do que ten como orientador das nosas accións.</td></tr>
</table>

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostra certa autonomía e algún coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica: identificación de fontes fiables, procura eficiente e segura de información e correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta. | TI | 40 |
| CA1.5 - Desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | Desenvolve unha actitude indagadora, requirindo algunha axuda pero con acerto, e activa no ámbito da reflexión filosófica, mediante o deseño, elaboración e comunicación pública de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros. | | |
| CA1.6 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promove, requirindo axuda pero con acerto, o intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficos. | | |
| CA2.8 - Promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficamente relevantes. | Promove con certa autonomía o intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática a través do exercicio da participación en actividades grupais e do diálogo racional, respectuoso, aberto, construtivo e comprometido coa verdade, acerca de cuestións e problemas filosóficos. | | |
| CA3.4 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta., tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais. | Demostra certa autonomía e algún coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica: identificación de fontes fiables, procura eficiente e segura de información e correcta organización, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Introdución: radicalidade, problematicidade e universalidade da filosofía.<br>- Características da filosofía e os seus usos teórico e práctico.<br>- A función da filosofía no conxunto da cultura occidental e o pensamento noutras tradicións culturais.<br>- O contexto do xurdimento da filosofía occidental en Grecia: o paso do mito ao logos e o pensamento sobre a polis.<br>- Breve síntese das grandes épocas da filosofías. |

| Contidos |
| --- |
| ⁻ O papel da muller na cultura e na filosofía. |
| ⁻ O pensamento galego. |
| ⁻ A reflexión sobre o ser humano: a tradición filosófica e a perspectiva científica. |
| ⁻ A personalidade. |
| ⁻ Teorías e tipos de personalidade. |
| ⁻ O biolóxico e o adquirido na formación da personalidade. |
| ⁻ Teorías da motivación: o cognitivismo fronte á teoría humanista. |
| ⁻ As emocións e a afectividade. |
| ⁻ Natureza e cultura no ser humano. |
| ⁻ O ser humano como ser social. |
| ⁻ Elementos e axentes da socialización. |
| ⁻ O proceso de socialización de xénero. |
| ⁻ Sociedade e estado. |
| ⁻ A racionalidade humana. Coñecemento e acción. |
| ⁻ Teorías do coñecemento. |
| ⁻ O papel das facultades cognoscitivas: racionalismo, empirismo e criticismo. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía da materia de Filosofía en 4.º ESO terá un enfoque lúdico, práctico e crítico: práctico, dado que coa adquisición das ferramentas propias da disciplina se busca contribuír a unha comprensión activa das grandes cuestións que a humanidade se leva formulando desde o seu inicio; crítica, porque só coas ferramentas filosóficas se pode alcanzar unha visión do mundo non egocéntrica, androcéntrica nin europocéntrica; por último, adoptarase unha perspectiva lúdica e actual, buscando proporcionar ferramentas para reflexionar de maneira sólida e profunda sobre os grandes problemas contemporáneos.

Seguiranse as orientacións metodolóxicas sinaladas a continuación, que apuntan a introducir o alumnado na reflexión filosófica, e mais a potenciar e consolidar as súas competencias clave por medio da Filosofía:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida a cuestións e problemas filosóficos dunha complexidade asumible para este nivel educativo.
- Promover o diálogo e o debate entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Desenvolver un modelo de aprendizaxe funcional, no cal as nocións adquiridas sexan aplicadas á vida real.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Introducir unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas sometidas a elaboración, análise ou debate.
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no

proceso de aprendizaxe.

- Promover a autoesixencia no traballo individual e colectivo, fomentando valores como a o rigor, a honestidade, a dedicación, o esforzo, o afán de superación ou a capacidade para traballar en equipo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual da material, concibida como repositorio de recursos, diario de clase, ferramenta de avaliación e plataforma para o traballo diario. |
| Documentos e recursos didácticos elaborados e/ou facilitados pola docente. |
| Libros e materiais de investigación e consulta, en particular os dispoñibles na biblioteca escolar. |
| Actividades interactivas, animacións, vídeos, películas e espazos dixitais diversos. |
| Libro de texto Filosofía 4 da editorial Vicens Vives. |
| Aula con ordenador, proxector, altofalantes e conexión a Internet. |
| Biblioteca escolar. |
| Material do alumnado: clasificador de aneis a modo de portfolio e caderno para o diario filosófico persoal. |

As clases terán lugar nunha aula do centro cun ordenador conectado a Internet e unha pantalla con proxector e son; cando sexa preciso realizar traballos en grupo ou por parellas, acudirase á biblioteca escolar.

A ferramenta básica para o seguimento e impartición da materia será a aula virtual, aloxada na páxina web do centro, na cal o alumnado estará matriculado desde o primeiro día do curso. Nela estarán dispoñibles todos os recursos utilizados na clase (apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, textos, vídeos...), e tamén será a plataforma de entrega de diversas tarefas e actividades avaliables (ensaios, glosarios, test...).

Seguirase a proposta didáctica do libro de texto de Vicens Vives, aínda que o alumnado non ten obriga de compralo. Periodicamente presentaranse diversos libros e materiais de consulta na clase, para que o alumnado se familiarice con eles e saiba que están á súa disposición na biblioteca escolar. Tamén se proxectarán vídeos breves e películas (unha por trimestre) sobre algúns dos temas tratados.

Por último, o alumnado debe dispor, para o seu traballo persoal, dunha carpeta de aneis para clasificar os seus apuntamentos, fotocopias etc., así como dun pequeno caderno a modo de diario, onde anotar a súas reflexións sobre os temas abordados na materia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso, dentro do mes de setembro, levaranse a cabo diversas probas de avaliación inicial, tanto orais como escritas, co obxecto de detectar o grao de desenvolvemento das competencias clave e de manexo de procedementos por parte do alumnado. Igualmente, ao comezo de cada unidade didáctica realizaranse actividades variadas para detectar os coñecementos previos do alumnado.

Polo tanto, a avaliación inicial realízase ao comezo de cada unha das fases de aprendizaxe, e ten a finalidade de proporcionar información sobre os coñecementos previos para decidir o nivel a partir do cal hai que desenvolver os novos contidos e as relacións que deben establecerse entre eles. Tamén pode ter unha función motivadora, na medida en que axuda a coñecer as posibilidades que ofrecen as novas aprendizaxes.

Este procedemento serve para tomar decisións en relación á prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe. Para iso, a estratexia na avaliación inicial incluirá un coñecemento do contexto do grupo e unha análise

dos niveis iniciais de competencia curricular do alumnado, na cal se deben considerar tanto as capacidades que está previsto acadar na etapa, como a relación destas coa materia.

Así mesmo, se é o caso, comprobaranse os niveis de competencia curricular do alumnado con necesidades educativas especiais de acordo co informe psicopedagóxico que achegue o seu historial educativo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **8** | **7** | **7** | **7** | **7** | **8** | **8** | **7** | **6** | **8** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 60 | 70 | 60 | 60 | 70 |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 40 | 30 | 40 | 40 | 30 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **7** | **6** | **6** | **8** | **100** |
| **Proba escrita** | 60 | 60 | 60 | 60 | **62** |
| **Táboa de indicadores** | 40 | 40 | 40 | 40 | **38** |

**Criterios de cualificación:**

A cualificación de cada avaliación trimestral dependerá das obtidas nas diversas observacións e probas realizadas, segundo os seguintes criterios:

- Para calcular a nota de cada avaliación trimestral, valoraranse as probas escritas e a observación, a partir de táboas de indicadores, das actividades realizadas polo alumnado, segundo as porcentaxes e pesos das unidades didácticas indicados no apartado 3 desta PD (en xeral, 60% probas escritas e 40% táboas de indicadores), trasladados a unha escala de 1 a 10 puntos, con dous decimais. Para superar a materia en cada avaliación trimestral, o resultado dese cálculo debe ser igual ou superior a 5 puntos.
- A non realización ou o abandono manifesto e reiterado das actividades de avaliación suporá o suspenso no trimestre.
- Calquera actividade de avaliación na cal exista constancia de que o alumno ou alumna copiou será cualificada cun 0, e para recuperala deberá presentarse á proba final de recuperación de xuño (v. apartado seguinte).
- Calquera exercicio escrito poderá ser rexeitado se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible; neste caso quedará a criterio da profesora a data de recuperación.
- A penalización por erros de ortografía e expresión nos traballos e probas escritas será de 0,1 puntos por cada falta grave; tres faltas leves (p. ex. tiles) equivalerían a unha grave.

A cualificación da avaliación final resultará da media aritmética das cualificacións (antes de posibles redondeos) das tres avaliacións do curso, sempre que dúas delas estean aprobadas. Para superar a materia, o resultado dese cálculo debe ser igual ou superior a 5 puntos.

**Criterios de recuperación:**

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores criterios, o alumnado poderá recuperala mediante a realización dunha proba escrita final que versará sobre as unidades didácticas suspensas e que terá lugar entre o 19 e o 21 de xuño. A efectos de calcular a cualificación final (cálculo que se realizará en todo caso segundo os criterios explicitados no apartado anterior), a nota do devandito exame substituirá as notas das unidades didácticas suspensas.

Durante o mes de xuño realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación, orientadas a preparar a proba de recuperación final, ademais das actividades lectivas ordinarias.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade contémplase nesta materia en tres niveis: na programación didáctica (PD), na metodoloxía e nos materiais.

a) Atención á diversidade na PD
Son varios os criterios de PD que responden á necesidade de atender á diversidade do alumnado:

- A distribución dos contidos, reforzada por repasos periódicos que permiten consolidar as aprendizaxes e ofrece oportunidades para recuperar as non adquiridas no seu momento.
- A secuenciación dos contidos nunha orde crecente de dificultade e especialización, que permite reforzar o básico e saber en que momento do proceso de aprendizaxe está o alumnado.
- A programación de actividades de ampliación e investigación, que favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten que cada estudante escolla as actividades máis acordes cos seus intereses e aplique o ritmo e a forma de traballo máis adecuados ás súas características.
- A programación de actividades de reforzo para o alumnado que o precise.

b) Atención á diversidade na metodoloxía
A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula. Por exemplo, a organización secuenciada e progresiva das actividades: cada actividade é un paso que conduce á adquisición de determinado contido educativo.

c) Atención á diversidade nos materiais utilizados
A atención á diversidade contémplase tamén no conxunto de materiais que se empregan na clase: ofreceranse actividades de reforzo e ampliación que poden utilizarse segundo as necesidades e as características concretas do alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación emocional e en valores | | | X | X | | | | X |
| ET.5 - Igualdade de xénero | | | X | X | | X | | X |
| ET.6 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | | | X | X | | X | | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.7 - Competencia dixital | X | X | | | | | X | |
| ET.8 - Creatividade | X | | | | X | | X | |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 | UD 13 | UD 14 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación emocional e en valores | | X | | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade de xénero | | X | | X | | X |
| ET.6 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | | X | | X | | X |
| ET.7 - Competencia dixital | X | | X | | | |
| ET.8 - Creatividade | X | | X | X | | |

**Observacións:**

A materia de Filosofía é clave para traballar os elementos transversais recollidos na lexislación. O feito de promover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón constitúe un dos aspectos esenciais desa transversalidade, xunto coa mellora da comprensión e a expresión orais e escritas, a través da lectura e comentario de textos e mais do exercicio do debate.

A educación emocional e en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente das discriminacións (eurocentrismo, racismo, especismo e, moi en particular, sexismo e homofobia) tamén estará moi presente, así como a educación para a sostibilidade e o consumo responsable.

Nalgunhas unidades didácticas promoverase explicitamente o uso de ferramentas dixitais para procurar, organizar e presentar información, ademais do desenvolvemento da creatividade na resolución de enigmas e problemas filosóficos.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Torneo de Debate Académico de Galicia | Proporase ao alumnado participar nese torneo de debate organizado pola Fundación Barrié na Coruña. | | X | |

**Observacións:**

Á marxe de propoñer a participación voluntaria do alumnado na referida actividade, non se contempla a realización de saídas específicas e diferenciadas para a materia de Filosofía, principalmente por un motivo práctico de rendibilidade de recursos, dado o pequeno número de estudantes que se matriculan nela, dentro dun centro xa de por si pequeno.

Está prevista, en cambio, a colaboración e participación nas actividades propostas pola CCP, nas organizadas polo equipo da biblioteca e mais nas conmemoracións oficiais fixadas no calendario escolar, en especial naquelas máis directamente relacionadas ou que se poidan facilmente introducir nas actividades de clase da materia (Día da Paz, da Muller ou do Ambiente).

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
| --- |
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| O deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo, a súa secuenciación e temporalización son adecuados. |
| O plan de avaliación inicial deseñado resulta axeitado. |
| Os criterios de cualificación resultan axeitados. |
| Os mecanismos establecidos para a avaliación continua e final, así como para a recuperación, son adecuados. |
| Metodoloxía empregada |
| A secuencia de traballo na aula resulta adecuada. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Os materiais didácticos utilizados resultan adecuados. |
| Medidas de atención á diversidade |
| O desenvolvemento dos contidos adecúase ao ritmo de aprendizaxe da maioría do alumnado. |
| Clima de traballo na aula |
| Conséguese un clima de traballo adecuado na aula, promovendo o esforzo, a superación persoal, a colaboración e a empatía. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| A comunicación co profesorado titor, co resto do equipo docente e coas familias é fluída. |

**Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate sobre a realidade educativa do centro en relación cos seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.

- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A PD da materia de Filosofía estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, publicarase un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A PD será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Esas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas e o grao de cumprimento dos obxectivos.

As propostas de mellora da PD derivarán da análise da súa efectividade e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados